

# ABREACCIONES

DAVID COSTA

O método da asociación libre usado polos psicanalistas, trataba de liberar da represión os sentimentos humanos máis ocultos. É xustamente esta liberación o eixo central sobre o que se sustentan e xiran todas as obras producidas polo artista andaluz David Costa. Tanto as súas series anteriores, *Eidetismos* e *De-lirios*, xunto ás *Abreacciones* que compoñen esta mostra, céntranse neste aspecto para dar renda solta a súa expresión e a súa linguaxe artística. Non obstante, estas últimas e obxecto desta exposición, aínda se asemellan máis a eses monstros ou desvaríos que comparten co real so a esencia, aínda sendo esta moito máis retorcida. As pezas gritan, exclaman, imploran, senten, respiran, camiñan...; exemplificando baixo formas monstruosas e deformes, todas estas cuestións que dende a infancia nos acompañan.

Pertencentes a distintas disciplinas entre as que se pode encontrar pintura, debuxo, escultura e video-performance; Costa presenta producións moi potentes e dolorosas, que se dispersan polo espazo expositivo provocando múltiples sensacións ós espectadores que se enfrontan a elas, conseguindo a difícil resposta de non deixar indiferente ó que mira.

“Esta obra caracterízase pola ruptura co parecido real. Representa unha descarga emocional por medio da cal me libero do efecto ligado ó recordo dun acontecemento traumático, sexa este consciente ou non. *Abreacciones* contempla todas estas transformacións figuradas onde o realismo é so un xogo relativo, no que a verdade se somete ó sentimento que desexo transmitir”. Estas son as palabras coas que o artista define a serie de creacións que compoñen esta mostra. “Nela expónse cada unha das mentiras ocultas provocadas tras a represión. Ó oprimir calquera sentimento, sexa cal sexa a súa natureza, da como resultado unha deformación, unha neuroses ou un trauma. Sen embargo, no propio proceso de liberación sofren una reconciliación”. Reconciliación en certo sentido amable e agradable formalmente, na que se encerra unha realidade repleta de fantasmas que se desexan mostrar.

O espellismo ilusorio que a nosa mente crea como vía de escape a unha realidade que non nos gusta e na que nos toca vivir, a unha realidade paralela, é a fonte de inspiración da que beben as súas personaxes. Multiformes, creadas con pigmentos diluídos e aplicados baixo a forza e a espontaneidade do xesto, brotan da nada, do espazo aterrador en branco, observando directamente ó que mira. Con eles, as tensións afectivas ligadas á represión son liberadas da mente, polo que se podería dicir que a súa obra é un elemento de inflexión que alberga certo fin terapéutico. Fin cara o que camiñan numerosas obras pertencentes ó mundo da arte dende a antigüidade ata o presente momento, intentando negar o tráxico dos momentos difíciles que asolan ó home ó longo da súa historia.

A.dFuga convértese durante as últimas semanas do mes de Decembro e o mes de Xaneiro, no espazo físico que alberga o imaxinario introspectivo do artista andaluz. “O presente móstrase aterrador, pero quizás o futuro resida na forza da arte e dos seus creadores”.

**BEATRIZ SUÁREZ SAÁ**  
COMISARIA